

# Convocatoria de asembleas xerais extraordinaria e ordinaria 2021

Benquerida/o socia/o,

Compráceme convocarte á seguintes asembleas da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL):

## 1) Asemblea xeral extraordinaria:

- Día: **sábado 6 de marzo** de 2021
- Hora da primeira convocatoria: **10.00 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.30 h**
- Lugar: en liña, a través da plataforma Jitsi Meet (<https://meet.jit.si/>)

De acordo cos nosos [estatutos](#), é competencia da Asemblea Extraordinaria (artigo 15) aprobar a modificación dos estatutos.

### Orde do día:

- Modificación do artigo 4 dos Estatutos por cambio de domicilio social.

## 2) Asemblea xeral ordinaria:

- Día: **sábado 6 de marzo** de 2021
- Hora da primeira convocatoria: **10.15 h**
- Hora da segunda convocatoria: **10.45 h**
- Lugar: en liña, a través da plataforma Jitsi Meet (<https://meet.jit.si/>)

### Orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio e 25 aniversario da CTNL
6. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
7. Rolda aberta de intervencións

Ambas as asembleas terán lugar sen interrupción entre elas, respectando os horarios das convocatorias.



## Documentación para as asembleas

Para que poidas preparar mellor as túas achegas e propostas e así facermos entre todas e todos asembleas máis áxiles, dinámicas, participativas e produtivas, **unha semana antes da asemblea terás ao teu dispor no web a documentación necesaria.**

Antes diso, podes **remitirnos** ao enderezo [info@ctnl.gal](mailto:info@ctnl.gal) todas as **ideas e propostas** que teñas e que creas que a CTNL pode desenvolver, para así incluírmolas no informe de propostas de acción. Así e todo, lembra que sempre podes facer propostas e suxestións directamente durante a asemblea.

Atentamente,

Anxos Sobriño Pérez,

presidenta da CTNL

Pontevedra, 5 de febreiro de 2021

## Asembleas en liña

A causa da situación sanitaria e coas restricións de mobilidade en vigor na actualidade, vémonos na obriga a realizar as **assembleas en liña**. Para isto empregaremos a **plataforma gratuíta e de código aberto Jitsi Meet** (<https://meet.jit.si/>), que se pode empregar vía web sen inscrición ou descargarse de balde en dispositivos móbiles.

Para xestionar o mellor posible ambas as asembleas imos pedirche varias cousas:

1. **É necesario que te anotes como asistente ás asembleas** enviando unha mensaxe de correo electrónico a [info@ctnl.gal](mailto:info@ctnl.gal). Deberás indicar o teu nome e o enderezo de correo electrónico onde queres recibir a ligazón para acceder á asemblea. **Inscríbete** por favor até **o 1 de marzo**.
2. Cando accedas á plataforma, procura **pór un nome que te identifique**, para que poidamos recoñecerte mesmo se non funciona a cámara ou non a queres activar.
3. Durante as asembleas, cando non esteas a falar, procura ter o micro apagado para que non haxa interferencias. **Para pedir a palabra, podes empregar a ferramenta de erguer a man.**
4. As votacións faranse preferentemente a través do chat dispoñible na plataforma.
5. Para que, aínda que poida haber algún problema técnico, **todas as túas propostas** cheguen sen problema á asemblea e á directiva, **procura envialas con antelación por escrito**; faremosllas chegar a todas as persoas inscritas para que poidan telas en conta.